

Convenio entre a Consellería de Cultura, Educación e Universidade e varias empresas en materia de formación profesional dual.

Santiago de Compostela, 8 de abril de 2021

REUNIDOS

Dunha parte, don Román Rodríguez González, conselleiro de Cultura, Educación e Universidade da Xunta de Galicia, en representación desta consellería e de conformidade coas atribucións conferidas no artigo 34.1 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa Presidencia.

Doutra don _____, Director Xeral e apoderado da empresa Caolines de Vimianzo S.A.U como representante legal desta, en virtude das atribucións concedidas por escritura pública ante a notaria de ____ Dona _____, con data __ de ____ de ____ e número de protocolo ____.

E doutra don _____, representante legal da empresa Acuidoro, S.L.U., en virtude das atribucións concedidas por escritura pública ante o notario _____, con data __ de ____ de ____ e número de protocolo ____.

Interveñen en función dos seus respectivos cargos e no exercicio das facultades que para convir, en nome das entidades que representan, teñen conferidas

EXPOÑEN

1º. Que a Consellería de Cultura, Educación e Universidade asinou coa empresa Xallas Electricidad y Aleaciones S.A., (en adiante, XEAL) un convenio para a implantación dun sistema de formación profesional dual polo réxime de bolsas co IES Fernando Blanco para o ciclo formativo de técnico superior en Automatización e Robótica Industrial.

2º. Que o obxecto deste convenio é establecer a participación Caolines de Vimianzo S.A.U. e Acuidoro, S.L.U., no anterior convenio.

En consecuencia, estes organismos acordan subscribir este convenio, con base nas seguintes,

CLÁUSULAS

Primeira. Que as empresas, Caolines de Vimianzo S.A.U. e Acuidoro, S.L.U., aceptan as condicións e as cláusulas establecidas no convenio asinado entre a Consellería de Cultura, Educación e Universidade e a empresa XEAL para a implantación dun sistema de formación profesional dual polo réxime de bolsas.

Segunda. As empresas, Caolines de Vimianzo S.A.U. e Acuidoro, S.L.U., comprométense a acoller nas súas instalacións a 4 alumnos e alumnas.

Terceira. Amplíase a comisión de seguimento, control e supervisión, establecida no convenio asinado entre a Consellería de Cultura, Educación e Universidade e a empresa XEAL, cun representante de cada unha das empresas, Caolines de Vimianzo S.A.U. e Acuidoro, S.L.U.

Cuarta. O convenio entrará en vigor na data da súa sinatura e terá vixencia ata a finalización do proxecto.

Quinta. Este convenio de colaboración posúe carácter administrativo por razón do contido e das materias sobre as que versa, as cales, ao abeiro do disposto no artigo 6 do Lei 9/2017, de 8 de novembro de contratos do sector público, o exclúen do seu ámbito de aplicación, sen prexuízo da aplicación dos principios desta para resolver as lagoas ou dúbidas que a súa aplicación suscite.

Dada a natureza administrativa deste instrumento xurídico, as controversias ou cuestións litixiosas que xurdiren na súa aplicación e non puideren ser solucionadas no seo da comisión de seguimento serán resoltas pola xurisdición contencioso-administrativa.

Con respecto da protección de datos, as empresas comprométense a respectar a Lei orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais e o Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello de 27 de abril de 2016 relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos).

Lido este convenio, atópano conforme e asínano

1. ANEXO

1.1 Identificación

Convenio entre a Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional e varias empresas para a implantación dun sistema de formación profesional dual polo réxime de bolsas. Código do convenio: C2021001002.

1.2 Distribución de postos de formación por empresa

Empresa	Nº de prazas
Caolines de Vimianzo S.A.U.	1
Acuidoro, S.L.U.	3
Total	4